

Expediente núm.: 493/2026

Resolución de alcaldía aprobando as bases que regulan a actividade

Procedemento: Actividades e cursos

Asunto: Concilia Verán e Campus Verán 2026

Documento asinado por: O alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 20 de maio de 2026, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente iniciar expediente para regular as bases que rexerán as actividades enmarcadas no Programa Municipal de Conciliación e Igualdade – *Medrando en Igualdade* – encamiñadas a facilitar a conciliación no período estival: Concilia Verán e Campus de Verán 2026.

O Concello de Valga pon en marcha este verán campamentos que ofrecerán un total de 360 prazas financiadas a través dunha subvención de concedida pola Xunta de Galicia mediante o Plan Corresponsables, aportación municipal e aportación das persoas usuarias.

As actividades desenvolveranse do 29 de xuño ao 28 de agosto de 2026, de luns a venres, agás días festivos, dirixidas a menores de 3 (telos cumpridos ao inicio da quenda de participación) a 16 anos, dando prioridade ás familias en situación de especial vulnerabilidade.

Estes campamentos, ademais de facilitar a conciliación familiar durante os períodos non lectivos dos menores, apostan pola coeducación e a igualdade, fomentando o respecto, a socialización e a eliminación de roles de xénero preestablecidos.

En virtude do exposto e de conformidade coas atribucións establecidas na Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da actividade Concilia Verán e Campus de Verán 2026.

SEGUNDO. Proceder á publicación das mesmas na sede electrónica do concello.

Asinado dixitalmente en data á marxe

O alcalde accidental,
Román Castro Castromán

DECRETO
Número: 2026-0253
Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTKWN7YS59TFS2ENCW
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9





BASES ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN VERÁN CONCILIA VERÁN E CAMPUS VERÁN 2026

PRIMEIRA. As actividades CONCILIA VERÁN e CAMPUS VERÁN son actividades enmarcadas no Programa Municipal de Conciliación e Igualdade – *Medrando en Igualdade* – encamiñadas a facilitar a conciliación no período estival a través dunha proposta educativa e de ocio para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral fomentando a educación en valores como a igualdade, tolerancia e respecto, sen esquecerse da parte lúdica, e que lles vai axudar ás e aos menores á creación da súa propia identidade e no seu desenvolvemento persoal.

SEGUNDA. O servizo está dirixido a menores de 3 (telos cumpridos ao inicio da quenda de participación) a 16 anos.

TERCEIRA. Serán persoas usuarias aquelas que consten na lista definitiva de persoas admitidas nas actividades para cada unha das quendas.

CUARTA. A actividade desenvolverase de luns a venres (agás días non laborais), no período comprendido entre o **29 de xuño e o 28 de agosto de 2026**, nas instalacións do CEIP Plurilingüe de Baño ou lugares da contorna de Valga.

O horario do servizo é de **08:30 a 14:30 horas**.

As persoas participantes terán que ser entregadas entre as 08:30 e as 09:30 horas e recollidas entre as 13:30 e as 14:30 horas.

Este horario poderá verse modificado de oficio polo Concello de Valga en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade. En calquera caso, a xornada respectará as 6 horas de prestación diaria e desenvolverase integramente en horario de mañá.

QUINTA. O número de prazas ofertadas é de un total de 360 prazas, distribuídas da seguinte maneira:

PROGRAMA	1ª QUENDA DE XULLO 29 XUÑO – 14 XULLO	2ª QUENDA DE XULLO 15 XULLO – 31 DE XULLO	1ª QUENDA AGOSTO 01 AGOSTO – 14 AGOSTO	2ª QUENDA AGOSTO 15 AGOSTO – 28 AGOSTO
CONCILIA VERÁN (3 a 11 anos)	70	70	50	50
CAMPUS VERÁN (12 a 16 anos)	60	60	60	60

Cada participante poderanse anotar no número de quendas que desexe; a incorporación ás prazas dispoñibles en cada quenda será seguindo os criterios de baremación que se recollen nestas bases.

Márcase un mínimo de **15 participantes por quenda** para levar a cabo a actividade.

SEXTA. A selección farase aplicando criterios de selección baseados na situación de ocupación e familiar que se puntuará como se indica a continuación.

DECRETO
 Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTKWN7YS59TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 9



No caso de empate os criterios a aplicar son os seguintes:

1. **Criterio económico:** terase en conta a RPC de cada participante para desfacer o empate.
2. **Usuario doutra quenda no mesmo mes:** en caso de persistir o empate tras a aplicación do criterio económico, terá preferencia a persoa solicitante que non obtivese praza noutra quenda do mesmo mes.
3. **Orde de inscrición:** no caso de persistir o empate, adxudicaranse as prazas seguindo a orde de inscrición.

BAREMO

1. SITUACIÓN DE OCUPACIÓN E FAMILIAR:

SITUACIÓN	CONDICIÓN e ACREDITACIÓN	PTOS
SITUACIÓN DE EMPADROAMENTO		
Aplicarase só a situación máis vantaxosa, a puntuación deste apartado non é acumulativa (*está situación deberá existir cunha anterioridade de 3 meses ao remate do prazo de inscrición)		
Totalidade da unidade familiar empadroada no Concello de Valga	- Se algún membro non está empadroado non se puntuará. - En caso de menores onde haxa establecidas medidas reguladoras das obrigas paterno filiais puntuarase tendo en conta a situación familiar de convivencia <u>na quenda solicitada</u> . Para obter a puntuación deste apartado, debe estar empadroado o proxenitor/a que nesa quenda teña a garda.	10
Avoas/avós empadroados no Concello de Valga		5
SITUACIÓN DE OCUPACIÓN DOS MEMBROS PARENTAIS		
Nai	- Será preciso presentar á documentación xustificativa de que se atope traballando ou estea incluída nalgún itinerario de inserción laboral	4
Pai	- Será preciso presentar á documentación xustificativa de que se atope traballando ou estea incluída nalgún itinerario de inserción laboral	4
Familias monoparentais	- Será preciso presentar á documentación xustificativa de que se atope traballando ou estea incluída nalgún itinerario de inserción laboral a/o proxenitor. *Neste caso a puntuación asimilase á situación de ocupación de 2 proxenitores.	8
Proxenitores/titores traballando en Valga	- A puntuación aplicarase a cada proxenitor que cumpra con esta situación. - Será preciso presentar á documentación xustificativa que acredite que o lugar de traballo se atopa no termo municipal de Valga.	3
SITUACIÓN FAMILIAR		
Familia monoparental	Certificado de familia monoparental en vigor	3
Familia numerosa	Certificado de familia numerosa en vigor	3
Acollimento familiar	Resolución da Administración correspondente	3

DECRETO
 Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTWKNY7YS59TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9





Discapacidade de calquera dos membros da unidade familiar e de convivencia (33% ou superior)	Unidade familiar e de convivencia nos que ademais figuren persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida polos órganos correspondentes. *A puntuación outórgase independentemente do número de persoas da unidade familiar con dependencia ou grao de discapacidade recoñecido	1
Muller vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres	Documentación acreditativa	2
Familia en risco de exclusión social	Debe acreditar dita circunstancia mediante informe emitido polos Servizos Sociais Comunitarios	2

2. SITUACIÓN ECONÓMICA (a aplicar en caso de empate)

IPREM MENSUAL ANO 2025: 600 €	
Inferior ao 50% do IPREM (299,99 € ou menos)	+3 puntos
Entre o 50% e o 75% do IPREM (de 300 € a 450 €)	+2 puntos
Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM (de 450,01 € a 599,99 €)	+1 puntos
Entre o 100% e o 150% do IPREM (de 600 € a 900 €)	-1 puntos
Superior ao 150% do IPREM (900,01 € ou máis)	-2 puntos

Os cálculos para obter a RPC (renda per cápita) da unidade familiar faranse cos seguintes cálculos en base á declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2024, no caso de persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles obteranse dos datos que aporten os certificados da A.E.A.T. (exercicio 2024):

$$\text{RPC} = \text{BASE IMPOÑIBLE XERAL (CADRO 435)} + \text{BASE IMPOÑIBLE DO AFORRO (CADRO 460)} - \text{COTA LÍQUIDA (CADRO 595)} \div \text{o número de membros que compoñen a unidade familiar}^*$$

*Membros computables da unidade familiar.

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, a persoa que exerza a tutela sobre a/o menor.
- as/os fillas/os menores de idade con excepción das/os emancipadas/os.
- as/os fillas/os maiores de idade con discapacidade ou incapacitadas/os xudicialmente suxeitas/os á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- as/os fillas/os solteiras/os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- a persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- a persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora da/o menor.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

- a persoa proxenitora que non conviva co menor nos casos de separación legal ou divorcio, agás no

DECRETO
 Número: 2026-0253
 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTQWNYM7YS59TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 4 a 9



caso de custodia compartida.

b) a persoa agresora nos casos de violencia de xénero.

SÉTIMA. As solicitudes valoraranse por la **Comisión de baremación** que estará composta por:

- Alcalde ou Concelleira/o, en calidade de presidente.
- Persoal técnico do departamento de servizos sociais, en calidade de secretaria.
- Persoal técnico do departamento de servizos sociais, en calidade de vogal.

A Comisión de baremación elaborará a acta, onde quedará recollida a listaxe provisional de persoas admitidas e listaxe de agarda, coa puntuación acadada, e serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello o 16 de xuño, e establecerase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións pertinentes.

Finalizado o prazo e resoltas as alegacións presentadas, publicarase antes do inicio das actividades a listaxe de persoas admitidas e listaxe de agarda definitiva no taboleiro da sede electrónica do Concello de Valga.

OITAVA. A inscrición realizarase cubrindo o impreso de inscrición e aportando a documentación requirida coa fin de xustificar as situación aplicable a cada caso, tanto para aplicar as bonificacións no prezo público da actividade, como para a baremación da puntuación.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Xeral, na sede electrónica do Concello de Valga ou en calquera medio estipulado na Lei 39/2015, mediante o modelo de solicitude (ANEXO I das presentes bases) cuberta e xunto a ela achegarase a documentación acreditativa das situacións que se apliquen a cada solicitante.

A documentación complementaria xustificativa dos criterios á aplicar deberá presentarse coa solicitude.

O prazo de inscrición será do **25 de maio ao 12 xuño de 2026**, ámbolos incluídos.

NOVENA. A actividade supón unha aportación económica por parte das persoas participantes seguindo o establecido no *Acordo de establecemento e regulación do Prezo Público pola prestación do Programa Conciliación e Igualdade, aprobada pola Xunta de Goberno Local deste concello en data 05 de novembro de 2025*, de carácter non obrigatorio no que se aprobaron as seguintes tarifas:

Artigo 4. Contía [...]

PROGRAMA	TARIFA EMPADROADAS	PREZO TARIFA XERAL	
CONCILIA VERÁN	30,00 €	45,00 €	QUINCENAL
CAMPUS VERÁN	30,00 €	45,00 €	QUINCENAL

Artigo 5. Prezos reducidos

DECRETO
 Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTKWN7Y59TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as tarifas que resulten de aplicar o disposto no artigo anterior, aplicaranse as seguintes reducións: [...]

- Nas actividades de nenos e nenas aplicaráselle unha redución sobre o importe da tarifa aos fillos e fillas das familias empadroadas en Valga que reúnan algunha das seguintes circunstancias e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):
 - Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda: Redución do 100%. [...]
 - Familias usuarias dos servizos básicos comunitarios do municipio de Valga en situación de vulnerabilidade. [...] establécese unha redución do 100% do prezo público.
 - Familias numerosas que teñan o título de familia numerosa. Redución do 20%.
 - Familias monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial. Redución do 20%.
 - Familias nas que o propio participante acredita unha discapacidade de ao menos o 33%. Redución do 20%.
 - Familias con dous ou máis inscritos nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos. Redución do 20%.

DÉCIMA. O Concello reserva para si o dereito de admisión de exclusión temporal ou definitiva dos e das menores que se comporten de forma incorrecta ou que os seus/súas proxenitoras/titoras non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento dos dereitos do menor. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia.

É condición indispensable para poder optar á praza no Concilia Verán ou no Campus Verán a colaboración das persoas solicitantes nos diversos procesos de recollida de documentación e na verificación dos datos (segundo as bases reguladoras da subvención da Consellería de Política Social).

DECRETO
Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALC1WTKWNYM7YS59TFS2ENCW
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 6 a 9



ANEXO I. INSCRIPCIÓN CONCILIA VERÁN 2026 / CAMPUS VERÁN 2026



REGISTRO ENTRADA

1.SOLICITANTE (nai, pai ou titor/a legal)			
Nome e apelidos			
DNI		Teléfono	
Enderezo electrónico			
Nº membros unidade familiar			
2.BENEFICIARIOS/AS (menores participantes)			
Nome e apelidos	DNI	Data de nacemento	Discapacidade, intolerancia alimentaria, alerxias, outros
3.CRITERIOS DE BAREMACIÓN – debe marcar que criterios lle son de aplicación			
SITUACIÓN EMPADROAMENTO (marque cun X se cumpre o criterio)			
Totalidade da unidade familiar empadroada en Valga			
Avoas/avós empadroados en Valga			
SITUACIÓN DE OCUPACIÓN DOS MEMBROS PARENTAIS (marque cun X se cumpre o criterio)			
Nai/titora			
Pai/titor			
Persoa proxenitora/persoa titora familias monoparentais			
Proxenitores/titores traballando en Valga			
SITUACIÓN FAMILIAR (marque cun X se cumpre o criterio)			
Familia monoparental			
Familia numerosa			
Acollemento familiar			
Discapacidade de calquera membro da unidade familiar e de convivencia (33% ou superior)			
Muller vítima de violencia de xénero			
Familia en risco de exclusión social			

DECRETO
Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALC1WTKWNYM7YS59TFS2ENCW
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



**4. QUENDAS SOLICITADAS**

PARTICIPANTE (NOME)	1ª QUENDA DE XULLO 29 XUÑO – 14 XULLO	2ª QUENDA DE XULLO 15 XULLO – 31 DE XULLO	1ª QUENDA AGOSTO 01 AGOSTO – 14 AGOSTO	2ª QUENDA AGOSTO 15 AGOSTO – 28 AGOSTO

5. DOMICILIACIÓN BANCARIA

TITULAR DA CONTA:	NIF/NIE:	TELÉFONO:

IBAN:

E	S																		
---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

TRIBUTO PARA DOMICILIARPREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA **CONCILIA VERÁN/CAMPUS VERÁN** DO CONCELLO DE VALGA.

TARIFA QUINCENAL: 30,00€ (TARIFA EMPADROADAS) / 45,00€ (TARIFA XERAL)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- **Fotocopia do NIF/NIE do usuario e do titular da conta bancaria.**
- **Certificado de conta**

Mediante a sinatura deste formulario de Orde de Domiciliación, vostede AUTORIZA ao CONCELLO DE VALGA a enviar ordes á súa entidade financeira para cargar na súa conta e, así mesmo, autoriza á súa entidade financeira para cargar os importes correspondentes na súa conta de acordo coas ordes do Concello de Valga. Como parte dos seus dereitos, ten dereito a ser reembolsado pola súa entidade financeira de acordo cos termos e condicións do contrato suscrito coa mesma. O devandito reembolso deberá reclamarse nun prazo de 8 semanas a partir da data na que realizou o cargo na súa conta.

Así mesmo, consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos, informámoslle e vostede consente expresamente, ao asinar este documento, que os datos facilitados no mesmo, así como os aportados con posterioridade, sexan incorporados aos correspondentes ficheiros do concello relacionados con este trámite.

En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición mediante unha solicitude por escrito no Rexistro Xeral do Concello de Valga.

SINATURA DA PERSOA TITULAR DA CONTA BANCARIA

En Valga, a _____ de _____ de 202__

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Certificado de empadramento no que conste que a totalidade da unidade familiar empadroada en Valga	
Certificado de empadramento no que conste avoas/avós empadroados en Valga	
Certificado de acollemento familiar emitido polo órgano autonómico competente	
Título de familia numerosa	

DECRETO
 Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALCWTKWN7Y559TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Certificado de familia monoparental		
Acreditación da discapacidade de calquera membro da unidade familiar e de convivencia (33% ou superior)		
Acreditación da situación de muller vítima de violencia de xénero		
Acreditación de familia en risco de exclusión social		
Libro de familia no caso de 2 ou máis inscritos na actividade		
Documentación da situación de ocupación dos proxenitores/titores		
Documentación xustificativa de que proxenitores/titores están traballando en Valga		
Declaración IRPF do exercicio 2024 dos membros da unidade familiar		
7. COMPROMISO DAS FAMILIAS PARTICIPANTES		
Autorizo á/ao menor a participar no programa e acepto íntegra e irrevogablemente as bases do programa “ <u>Concilia Verán/Campus Verán</u> ” do Concello de Valga.		
Autorizo as comunicacións a través de WhatsApp (ben comunicacións individuais ou incorporación a grupos) relativas á actividade no número indicado na inscrición.	SI	NON
Acepto a utilización de imaxes, reproducións ou sons, ou parte das mesmas, nas que apareza a persoa participante, en medios de comunicación, así como a súa difusión en todos os medios coñecidos na actualidade e os que se puidesen desenvolver no futuro, ou materiais informativos co único fin de dar visibilidade e difusión ao programa.	SI	NON
Autorizo a recollida da/do menor na actividade por parte de:		
NOME E APELIDOS	DNI	TELÉFONO
8. NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS		
Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslles que os datos que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Valga, coa finalidade de xestionar a presente solicitude. Vostede pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose ás nosas oficinas coa súa solicitude e a fotocopia do seu DNI.		
9. SINATURA DA SOLICITUDE		
En Valga, a _____ de _____ de 202_____		

CONCELLO DE VALGA

DECRETO
 Número: 2026-0253 Data: 22/05/2026

Cod. Validación: 67ALC1WTKWNYM7YS59TFS2ENCW
 Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

